

PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS

IES A XUNQUEIRA 1

CURSO 2012-2013

INDICE

| | |
|--|--------|
| Introdución e contextualización..... | Páx. 3 |
| Contribución da materia ao logro das competencias..... | Páx. 3 |
| Obxectivos..... | 7 |
| Contidos e temporalización.1º ESO | 8 |
| Criterios de avaliación..... | 9 |
| Mínimos exixibles..... | 10 |
| Contidos .Temporalización. 2º ESO..... | 11 |
| Criterios. Mínimos exixibles..... | 12 |
| Contidos.Temporalización. 3º ESO..... | 12 |
| Criterios. Mínimos exixibles..... | 13 |
| Contidos. Temporalización.4º ESO..... | 15 |
| Criterios. Mínimos exixibles..... | 17 |
| Procedementos e instrumentos de avaliación..... | 18 |
| Procedementos paraa realización da av. inicial..... | 19 |
| Criterios de cualificación..... | 21 |
| Plans de traballo para a superación de mat. pend..... | 22 |
| Programas específicos personalizados para al. Repet..... | 23 |
| Actividades de seguimento das materias pendentes(BAC).. | 24 |
| Procedementos para acreditar os coñecementos previos.... | 24 |
| Metodoloxía didáctica(BAC)..... | 25 |
| Medidas de atención á diversidade..... | 66 |
| Programación da educación en valores..... | 67 |
| Accións de contribución ao proxecto lector..... | 67 |
| Accións de contribución ao plan TIC..... | 68 |
| Accións de contribución ao plan de convivencia..... | 68 |
| Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto . | 69 |
| Actividades complementarias e extraescolares..... | 70 |
| Procedementos para avaliar a programación..... | 70 |

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación do departamento de francés está baseada nas orientacións e nos criterios xerais do curso anterior.

Incídese na importancia do estudo das linguas estranxeiras e do francés en particular, debido á importancia que actualmente teñen as relacións internacionais, así como por motivos de educación, laborais, culturais, artísticos, etc. Nunha sociedade globalizada o coñecemento das linguas estranxeiras é imprescindible.

Como referencia se teñen en conta as directrices definidas no *Cadre européen commun de références por les langues*.

Profesorado de Francés :

M^a Elena Pazos Cardoso

Esperanza Arias Sanabria

M^a Xesús López Escudeiro

-Xefatura de Departamento:

M^a Xesús López Escudeiro

-Reunión:

Martes de 4,30 a 5,20

CONTRIBUCIÓN DA AREA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas determinan as aprendizaxes que se consideran imprescindibles para a realización persoal dos alumnos, a fin de que sean capaces de incorporarse satisfactoriamente á vida adulta.

As competencias básicas teñen carácter integrador e permiten os estudantes poñer en relación distintos tipos de contidos, para que poidan ser utilizados de maneira efectiva en diferentes situacións e contextos.

1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, representación, interpretación e comprensión da realidade. A linguaxe é o principal vehículo de transmisión do coñecemento; neste senso, a competencia lingüística é básica para a adquisición de toda outra competencia,

No estudio dunha lingua estranxeira, contribúe fundamentalmente á adquisición desta competencia e contribúe á adquisición do resto das competencias básicas, no mesmo senso ca aprendizaxe da propia lingua.

2. COMPETENCIA MATEMÁTICA.

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números e os signos matemáticos, realizar con eles operacións, comprender e utilizar o razoamento matemático e seguir cadeas argumentais. Por outra parte, a competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento como a inducción e a dedución. Nas actividades que se atopan dentro deste epígrafe, os alumnos familiarízanse coa linguaxe matemática na lingua francesa, (números, signos matemáticos, elementos xeométricos, medidas, etc...), e utilízanos para realizar cálculos simples, e resolver problemas relacionados coa vida cotidian.

3. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

É a competencia para interactuar co mundo físico, en orden a contribuír á mellora e preservación das condicións de vida das persoas e do resto dos seres vivos. Neste apartado atópanse ás actividades relacionadas co corpo humano, a saúde, o consumo, a natureza, e a ciencia.

4. TRATAMIENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

Esta competencia consiste en dispoñer das habilidades necesarias para buscar, outar e procesar a información e para transformala en coñecemento, incluíndo a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Familiarizar ó alumno co uso das novas tecnoloxías como vehículo para a adquisición de novos coñecementos o que incide na súa competencia para aprender a aprender e tamén para a adquisición de maior competencia en autonomía e iniciativa persoal.

5. COMPETENCIA SOCIAL E CIUDADAN

É a competencia que permite comprender a realidade, convivir, exercer a cidadanía democrática , aceptar e respectar a pluralidade. Supon manexar coñecementos sobre a evolución e organización das sociedades, a realidade histórica social do mundo, os seus logros e problemas; así como, tomar conciencia de que existen distintas perspectivas na hora de analizar a realidade. Entre as habilidades desta competencia destacan o saber comunicarse nos distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas.O estudio da lingua estranxeira é un bo vehículo para o desanrolo desta competencia xa que favorece o coñecemento,o respecto e o interés por outras culturas.

Por outra parte nesta materia é especialmente relevante o traballo en pequenos grupos, o que favorece coñecemento mutuo.

6. COMPETENCIA CULTURAL Y ARTÍSTICA

Desde esta competencia preténdese fomentar a iniciativa, a imaxinación e a creatividade mediante códigos artísticos e supon: coñecer, apreciar valorar criticamente manifestacions culturais e artísticas. A lingua estranxeira é un medio ideal

para despertar o interés dos alumnos por conocer formas de expresión diferentes para fomentar o coñecemento e o respecto por outras culturas e medios de expresión artística nas súas diferentes facetas (música, pintura, escultura, arquitectura, etc...)

7. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Aprender a aprender supón dispoñer das habilidades necesarias para ser capaz de continuar aprendendo de maneira eficaz e autónoma, o que pasa pola toma de conciencia daquelas capacidades que entran en xogo no proceso de aprendizaxe, como son a atención, a concentración e a memoria. Significa ser consciente do que se sabe, do que é necesario aprender e de cómo se aprende. Neste epígrafe incluimos as actividades de reflexión sobre a lingua, as de autoevaluación e aquelas nas que se resumen o vocabulario e os principais contidos das unidades; con elas preténdese fomentar no alumno o gusto pola sistematización e a organización.

8. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

Esta competencia supón a adquisición da conciencia e aplicación de valores actitudes relacionadas coa responsabilidade, a perseverancia, a autoestima, a autocrítica, o control emocional, e a capacidade de escoller e de afrontar problemas; e obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar, dialogar, negociar e a traballar en equipo. A autonomía e iniciativa persoal ten como obxectivo que o alumno sexa capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con responsabilidade e sentido crítico.

cotiáns ou nos cales se ten un interese persoal, e nos cales se pide ou transmite información; se narran historias; se

describen experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións.

.....

Nos cursos 1, 2, 3 e 4 da ESO, 2ª L.E. se segue o método ESSENTIEL, da Editorial Santillana, nos niveis correspondentes a cada curso.

ESO

OBXECTIVOS

A ensinanza da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado coa finalidade de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas empregando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
9. valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

1º ESO

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

ESSENTIEL 1 está composto por 6 módulos da mesma extensión e estrutura para facilitar a ubicación dos distintos elementos do método e a “temporalización” do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Exceptuando o Módulo 0 polas súas características especiais, cada módulo está composto por 5 leccións; as leccións poden ser explotadas nunha semana, a razón de 2 horas por semana. De maneira que un módulo terá unha duración de 1 mes a 5 semanas.

Calquera progresión pode ser adaptada polo profesor, en función dos seus gustos e das características da súa clase. Así e todo, a título orientativo, pódese propor a “temporalización” seguinte:

Na 1ª avaliación deste curso traballamos os módulos 0, 1 e 2.

Os saúdos,
Identificamos ás persoas e ás cousas,
Aprendemos a actuar e a comunicarnos na clase,
Os números,(1-20)
As cores,
Os artigos definidos e indefinidos ,
Aprendemos a presentarnos e a describir as persoas,
Manifestar os gustos e as preferencias,
O feminino e o masculino dos adxectivos,
O plural,
O presente dos verbos en –er, do verbo ÊTRE , FAIRE.
A forma negativa dos verbos e, por último,

Na 2ª avaliación traballamos os módulos 3 e 4:

As expresións para informarnos sobre a identidade e para indicar a nacionalidade, para invitar e para dicir ou pedir a data.
O material escolar,
A expresar a causa con POURQUOI? e PARCE QUE,
A LIAISON os adxectivos de nacionalidade,
As preposicións que van cós países e cidades,
Describir as características dunha persoa ou animal.
A vestimenta.
Os adxectivos posesivos,
O presente dos verbos en –er e avoir.
Os números ata 1000.
Os interrogativos QUEL(S),QUELLE(S),
O imperativo e
O corpo humano.

Na 3ª avaliación traballamos os módulos 5 e 6:

As expresións para pedir un PETIT-DÉJEUNER, para presentar A os membros dunha familia, para situar no espazo, para indicar a hora e precisar os momentos do día,

A casa.

Os membros da familia

Os artigos partitivos,

O presente do verbo prendre, aller e verbos pronominais.

Os adxectivos irregulares.

Os artigos contractos e

Os pronomes tónicos.

A interrogación e a negación cos partitivos.

En Francés 1ª L.E. o método será o de Énergie. Malia coincidir os contidos, por ser o primeiro ano de formación para os dous grupos, en 1ª LE a competencia lingüística é superior.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. **Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.**
2. **Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, empregando as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación.**
3. **Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.**
4. **Redactar textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.**
5. **Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de auto-corrección das producións propias, e para comprender mellor as alleas.**
6. **Identificar, utilizar e poñer exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.**
7. **Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, amosando interese polo seu uso.**
8. **Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.**

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os saudos, os números, as cores, os artigos *définis e indéfinis*, e *contractés*. O presente dos

verbos en-er, e de todos os verbos estudados, O masculino e o feminino dos adxectivos, os adxectivos posesivos, a negación simple. As expresións para aceptar e rexeitar unha invitación, dicir e preguntar a data, os números ata mil, as expresións para chamar por teléfono, preguntar e dicir a hora.

O léxico correspondente ao material traballado.

2º ESO

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Como no curso anterior en cada avaliación se traballarán os contidos correspondentes a 2 módulos e na 1ª se incluírá o 0 como introdución.

Nos módulos 0,1 e 2:

A data e a hora.

A habitación.

As preferencias e os gustos.

As citas.

A visita ao médico.

A negación.

Verbos en -er, faire-

Módulos 3 e 4:

A casa.

A escola-

Facer unha entrevista.

Ir de compras.

As recetas de cociña.

O pronome adverbial *en*.

Verbos pronominais en passé composé.

O futuro dos verbos en -er e os irregulares.

Módulos 5 e 6:

A descripción das persoas e dos lugares.

No restaurante.

A cidade-

Os medios de transporte.

Para ir a...

Unha festa de cumpleaños.

A expresión do tempo.

Dado que neste nivel existe unha Sección Bilíngüe poden variar os contidos , atendendo ás necesidades da programación da materia ofertada en Francés, Ciencias do Medio ambiente. A coordinación establecida nas reunións semanais facilita o traballo conxunto e necesita flexibilidade no seguimento da programación.

En 1ª L. E. o método empregado é o de *Énergie 2*, que coincide en gran parte con *Essentiel 2*, da 2ª L.E., se ben o nivel da 1ª L.E. é superior.

CRITERIOS DE AVALIACION

- *ESSENTIEL* acóllese aos Criterios de avaliación indicados no apartado que o Real Decreto adica á Segunda Lingua estranxeira, sempre tomando como referencia a Primeira lingua estranxeira:

“A diversidade de posibles niveis iniciais aconsella remitir a avaliación fundamentalmente ao grado de avance que se conseguiu a partir da situación de partida de cada un dos alumnos. Neste sentido, os criterios de avaliación da primeira lingua estranxeira deben utilizarse como referente tanto para a determinación do punto de partida coma para a do nivel final e, en función disto, do grao de avance experimentado por cada un dos alumnos.” (Criterios de avaliación).

Os criterios de avaliación que recolle a normativa vixente para este Segundo curso de ESO, son os que seguen:

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de textos orais emitidos por un interlocutor, ou procedentes de distintos medios de comunicación, sobre temas coñecidos.
2. Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para lograr a comunicación.
3. Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, adaptados e auténticos, de extensión variada, e axeitados á idade, demostrando a comprensión a través dunha actividade específica.
4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, utilizando estruturas, conectores sinxelos e léxico axeitados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable.
5. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar oralmente algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar en o aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais amosando interese por su uso.
8. Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos..

MÍNIMOS EXIXIBLES

As expresións para pedir permiso, para coller unha cita, o vocabulario para describir unha habitación e unha casa. O *futur proche*, o *passé composé*, os adxectivos demostrativos, *passé composé* dos verbos pronominais, os adxectivos posesivos, a comparación, os pronomes COD e COI, as expresións para pedir un produto nun almacén.

-Comprensión esencial de mensaxes orais e escritas sinxelas en situacións de aula ou sobre temas familiares tratados previamente.

-Produción de mensaxes orais e escritas sinxelas para formular informacións, intencións e necesidades básicas

3º ESO

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

O libro do alumno de 3º da ESO é ESSENTIEL 3 que se divide en 6 módulos con 5 leccións. Cada avaliación comprende dous módulos. Durante a 1ª avaliación traballamos os dous primeiros módulos e o 0 que introduce o nivel, na 2ª avaliación traballamos os módulos 3 e 4 e na 3ª os módulos 5 e 6.

1ª Avaliación:

O alfabeto francés. Os acentos.

O presente de indicativo. Conxugación de verbos regulares e irregulares.

A presentación e a descripción. Os gustos e as preferencias.

O xénero dos adxectivos.

Expresión da opinión e dos sentimentos..

Passé composé de Avoir e Être.

Concordancia do participio pasado , verbo être.

Pronomes tónicos.

Pronome adverbial y.

Indicar e precisar un lugar.

Expresión da obrigación.

A vida cotiá.

Os traballos da casa.

Pequenos xestos ecolóxicos.

A cidade.

Os números: cen, mil...

2ª Avaliación:

Contar unha acción pasada.

Expresar o futuro.

As partes da cara. O corpo humano(revisión).

Os xogos e os deportes.

Formación do imperfecto e do futuro.

Expresións temporais ligadas á frecuencia. Falar dos hábitos.

Aceptar e rexeitar propostas. Expresar unha opinión.

A negación :ne...pas/jamais/personne.

O pronome relativo:qui, que, où.

Comparativo e superlativo:meilleur/pire, mieux.

3ª Avaliación:

Expresar os diferentes momentos dunha acción:aller, venir de, être sur le point de,être en train de +infinitif.

Manter unha conversación telefónica.

Pedir e dar consellos.

Fórmulas para escribir un correo, unha carta...

Paso do discurso directo ao indirecto.

Pronome persoal COI (revisión).

Razonar e xustificar unha opinión.

Expresión da cantidade e intensidade: trop, peu, assez, beaucoup, très.

O edificio.

As actividades de lecer.

A interrogación.

En 1ª L.E. séguese o método de Énergie 3,moi semellante ao da 2ª L.E., por iso a metodoloxía é a mesma, se ben o nivel é superior.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que recolle a normativa vixente para este Terceiro curso de ESO, son os que seguen:

- 1. Comprender a información xeral e específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sobre temas concretos e coñecidos, e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais.**

2. Participar en conversas e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversas finalidades comunicativas, empregando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.
3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor.
4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector.
5. Utilizar de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de auto-corrección e autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar oralmente diferentes estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información, producir textos partindo de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico, e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.
8. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda, e amosar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios.

(Real Decreto, Criterios de avaliación)

MÍNIMOS EXIXIBLES

O xénero dos adxectivos, o passé composé, os verbos do 3º grupo, o imperfecto, o futuro.

Os pronomes relativos, os comparativos irregulares, adverbios en –ment. As estruturas interrogativas,

A expresión da opinión e da causa, dos sentimentos e das emocións.

A expresión da meteoroloxía. Presentación da casa e o mobiliario.

A descripción dunha persoa e dun lugar.

Produción de mensaxes sinxelas, orais e escritas, sobre temas tratados na aula.

Comprensión oral e escrita axeitada aos coñecementos do nivel de 3º

da ESO.

4º ESO

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

O libro de 4º da ESO é ESSENTIEL 4 que se divide en 6 módulos e estas en 5 leccións; en cada avaliación traballamos dous módulos e na 1ª comezamos pola introdución do módulo 0.

Durante a 1ª avaliación traballamos os módulos 0,1,2, na 2ª avaliación traballamos o 3 e 4 e na 3ª o 5 e o 6.

1ª Avaliación:

Descibir a vida dunha persoa e a forma dun obxecto: cores, formas, materias e características.

Descibir comportamentos e actitudes.

Pedir información. A frase interrogativa.

Expresar a causa: à cause de, parce que, comme, puisque.

Dar ordes. O imperativo.

Adverbios de tempo, modo e cantidade.

As profesións e nacionalidades.

Caracteres e comportamentos.

A familia, estado civil.

A estación. As compras.

Fórmulas de cortesía.

2ª Avaliación:

Facer unha entrevista.

Expresar o desexo e a obriga.

Indicar o que está permitido e prohibido.

Dar a opinión e argumentar.

Propor solucións de mellora.

Contar unha experiencia.

Facer previsións sobre o tempo.

Os adxectivos e pronomes posesivos.
Presente de subxuntivo.
Pronomes relativos: qui, que, où, dont.
As festas.
Os reglamentos.
A natureza e a ecoloxía.
O tempo e a meteoroloxía.
3ª Avaliación:
Indicar desexos, facer hipoteses: si+imparfait, si +présent...
Contar a biografía dunha persoa.
Elaborar un C.V.
Expresar a duración: il y a , depuis, ça fait...
Formación do condicional.
As profesións.
A cidade (equipamentos)
Os indefinidos.
Plus-que parfait e passé simple: identificación nos textos.

Dado que neste nivel existe unha Sección Bilíngüe poden variar os contidos , atendendo ás necesidades da programación da materia ofertada en Francés, Ciencias do Medio ambiente. A coordinación establecida nas reunións semanais facilita o traballo conxunto e a flexibilidade da programación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.
2. Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, empregando as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación.
3. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.

4. Redactar textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
5. Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de auto-corrección das producións propias, e para comprender mellor as alleas.
6. Identificar, utilizar e poñer exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, amosando interese polo seu uso.
8. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os pronomes demostrativos, os pronomes *en* e *y*. Os pronomes personais complemento. O comparativo e o superlativo. As conxuncións temporais. Os pronomes relativos. A condición. A concordancia do participio pasado en tempos compostos.

-Comprensión de informacións xerais e específicas de mensaxes orais e escritas sobre temas variados.

-Produción de mensaxes orais e escritas con certo grado de autonomía.

-Ser consciente dos erros que se producen e intentar superalos.

-Actitude aberta a outras culturas, reflexionar e comparar con respecto ós nosos hábitos.

-Presentación de traballos de maneira correcta.

-Participación e realización das tarefas de clase.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As probas escritas (exames de gramática, controles de verbos, comprensión de textos, etc) terán un peso na avaliación do 60% da nota.

As probas orais(representacións, diálogos,...) e os exercicios *d'écoute* representarán o 20% da nota media de cada avaliación.

O 20 % restante será destinado a valorar o traballo de aula, o grado de cumprimento das tarefas semanais, a colaboración e a participación nas diferentes actividades programadas, a actitude na aula, etc.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1ºESO:

Faranse dous exames por avaliación, aínda que , queda un pouco á elección de cada profesor, o número de exames ou controles por avaliación. Contarase tamén o comportamento na clase, en canto a: traer os deberes feitos, os cadernos de exercicios limpos e ordenados e a atención e participación na clase.

Como material de avaliación, ao longo do curso escolar pode haber libros de lectura, adaptados ao nivel do alumnado.

2º ESO:

Tamén neste curso se faran dous exames por avaliación quedando sempre á elección do profesor o número de controles para saber si a materia explicada na clase está ben comprendida ou non. E sempre contarán tamén os cadernos e o comportamento. Faranse algunhas lecturas no curso, para comprobar a comprensión lectora do alumnado , co obxectivo de fomentar o hábito de lectura.

3º ESO:

En 3º faránse varios controles ao longo de cada avaliación, como mínimo sempre haberá un exame que avaliará os coñecementos gramaticais, lexicais,etc, ao mesmo tempo que as capacidades de comprensión e de expresión oral e escrita do alumnado.En todo caso as probas que se realizan serven para coñecer se a progresión é a correcta e para poder adaptar a programación ás necesidades do grupo.Cada profesor dentro da súa clase pode facer todo os exames que crea pertinentes .

No caso de producirse algunha adaptación puntual da programación, sempre se comentarán nas xuntanzas de departamento as variacións, deste xeito se evitarán desfases importantes entre dous grupos do mesmo curso .

Haberá libros de lectura, adaptados ao nivel lingüístico do alumnado, por curso.

4º ESO:

En 4º pasa o mesmo que en 3º curso. En 4º faránse varios controles ao longo de cada avaliación, como mínimo sempre haberá un exame que avaliará os coñecementos gramaticais, lexicais,etc,.A proba contará con varios apartados destinados a avaliar as capacidades de comprensión e de expresión oral e escrita do alumnado.En todo caso as probas que se realizan serven para coñecer se a progresión é a correcta e para poder adaptar a programación ás necesidades do grupo.Dependendo do grupo,pódense facer os exames que se consideren pertinentes.

No caso de producirse algunha adaptación puntual da programación, sempre se comentarán nas xuntanzas de departamento as variacións, deste xeito se evitarán desfases importantes entre dous grupos do mesmo curso .

Haberá libros de lectura, que completarán a aprendizaxe do alumnado.

PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACION DA AVALIACION INICIAL (NA ESO)

A principios de curso se realiza en todos os niveis unha avaliación inicial. No caso de 1º da ESO é un pouco especial, dado que a maioría do alumnado carece de coñecementos previos, a avaliación inicial non ten ningún sentido; sin embargo as páxinas 5 e 6 do “fichier d'évaluation” da guía pedagóxica de Essentiel 1, permitirán ter información sobre os seus coñecementos de linguas estranxeiras, sobre os seus gustos e preferencias persoais. Dado que estes cuestionarios están en francés, deben realizarse na aula coa axuda do profesorado.

En 2º da ESO a proba inicial consiste na realización dos test de remate do curso anterior, do método Essentiel 1, deste xeito se pode valorar a adquisición dos contidos do curso precedente.

Nos grupos de 3º se actúa igualmente cos test do remate de 2º curso ,engadindo algunha pequena proba oral e escrita de presentación de persoas ou de obxectos, co fin de valorar as capacidades de expresión oral e escrita.

A realización dos exercicios de remate do 3º curso , de Essentiel 3, así como a elaboración de diálogos sobre as vacacións, os proxectos para o curso, etc., permiten coñecer o nivel do alumnado en comprensión e expresión oral e escrita.

Estas avaliacións iniciais serven para determinar se o alumnado matriculado na materia pode cursala, dacordo coa resolución de 16 de maio de 2008, que regula a oferta e condicións para a elección de materias optativas e opcionais na ESO. Pódese recomendar o cambio de elección, no caso de alumnos/as que presentan moitas dificultades, con notas inferiores a 4 e que non cursaron a materia nos cursos anteriores. Cando os/as estudantes de francés nos cursos precedentes obteñen unha cualificación inferior a 4,se contemplarán medidas individuais de reforzo dacordo co/a estudante, pais e profesor/a titor/a.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As probas escritas (exames de gramática, controles de

verbos, comprensión de textos, etc) terán un peso na avaliación do 60% da nota.

As probas orais(representacións, diálogos,...) e os exercicios *d'écoute* representarán o 20% da nota media de cada avaliación.

O 20 % restante será destinado a valorar o traballo de aula, o grado de cumprimento das tarefas semanais, a colaboración e a participación nas diferentes actividades programadas, a actitude na aula, etc.

PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECIMENTOS PREVIOS (NO BAC)

A avaliación inicial, que permite coñecer o nivel do alumnado de Bacharelato, debe valorar as catro destrezas comunicativas, a expresión e comprensión oral e escrita.

Probas de tipo escrito: Exercicios escritos para completar, test de gramática, test lexicais, contestación a preguntas sobre textos , redaccións, descripción de debuxos, fotos, etc.

Probas de tipo oral: Lectura ou resumo dun texto, exercicios de comprensión oral, construcións de diálogos, descripción de debuxos, de fotos, etc.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES

• Os **principios metodolóxicos da educación asumidos** son os que a continuación se relacionan.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DE EDUCACIÓN

- Partir da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter aprendizaxes significativas.
- Ter en conta o que xa saben para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, a confrontación de opinións, a inferencia racional e a verbalización das emocións.
- Respetar as particularidades de cada alumno (f. / m.), adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.

- Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.
- Favorecer a autoavaliación e a coavaliación, como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgalá obxectivamente.
- Acostumar ao traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando as confrontacións.
- Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.
- Crear un ambiente de colaboración, de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ao patrimonio natural e cultural propio e ao dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.
- Centrarse nun talante de resolución de problemas e desenvolver o pensamento crítico e creativo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O método *ESSENTIEL* componse dos elementos seguintes:

- ◆ Para o alumno, o **Libro do alumno**, acompañado dun **CD-Rom** de xogos interactivos que poderán ser abordados de maneira autónoma, o **Caderno de exercicios** correspondente ao Libro, acompañado do seu **CD audio** e un **Caderno de traballo persoal ou Portfolio**, á súa vez tamén acompañado **dun CD audio**, para o traballo individual na casa.
- Para o profesor, un conxunto de recursos que comprende, ademais do material do alumno:
 - a) Uns **CD audio para a clase**,
 - b) O **Libro do profesor** en varios fascículos para maior comodidade, así como uns caderniños complementarios que comprenden: **unhas fichas de traballo individual (para tratar a diversidade)**, **unhas fichas de actividades complementarias**, **unhas fichas de avaliacións adicionais**,
 - c) **A programación oficial anual (segundo LOE)**,
 - d) **2 DVD con documentos auténticos e as súas respectivas guías pedagóxicas**,
 - e) **1 CD-ROM con xestor-xerador de tests**.

Xornais, películas, cancións, etc poden ser obxecto de traballo na aula, incorporando a actualidade ás clases.

PLANS DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

RECUPERACION DO CURSO E MEDIDAS DE REFORZO DE PENDENTES

Durante o ano escolar, desde a xefatura de seminario se establece contacto co alumnado, a través do profesorado de francés ou ben a través das titorías.

Os contidos son os marcados no curso correspondente. Os Contidos mínimos que os alumnos deben acadar para aprobar a asignatura son os mínimos esixibles de cada curso e incluídos nesta programación.

De xeito regular trabállase co alumnado, con fichas, exercicios de revisión, etc. O grado de cumprimento dos deberes semanais constitúe un procedemento de avaliación, que será completado cunha proba que realizarán en cada trimestre.

O profesorado do departamento fai un seguimento do alumnado presente nas aulas de francés. A xefa do departamento coordina o traballo, asesora especialmente ao alumnado que abandonou o estudo da lingua francesa e realiza a avaliación de todo o alumnado pendente.

As probas extraordinarias consistirán en exames escritos e orais onde o profesor evaluará as destrezas comunicativas dos alumnos que se refiren a expresión e comprensión escrita e oral.

Os criterios de cualificación e de avaliación son os mesmos que os dos cursos correspondentes.

PROCEDIMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA (NA ESO).

Non hai no centro alumnado desta materia que participe en programas de reforzo de francés, como asignatura pendente.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR(NA ESO)

Dependendo das dificultades que presenta na materia e atendendo sempre as diferentes eivas, o profesorado atenderá especialmente a este alumnado, facendo un seguimento riguroso da evolución da súa aprendizaxe.

Teráanse en conta o historial educativo do/da alumno/a, o nivel de competencia curricular, os resultados nas probas iniciais e a actitude, para elaborar os programas específicos en cada nivel.

Nos diferentes niveis de Essentiel o material que proporcionan as fichas do libro *Diversité* permiten personalizar o ensino.

Se ben o traballo coordinado é fundamental en todas as etapas , o alumnado repetidor require unha atención especial, polo que é necesaria a coordinación co profesorado da aula, co/a titor/a e coas familias, co fin de obter e proporcionar información, así como de consensuar accións conxuntas que contribúan a mellorar o proceso educativo do alumnado.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES (NO BAC)

Para facilitar ao alumnado a tarefa de superar a materia pendente, a xefa do departamento ao longo do curso entrega unha serie de fichas ao alumnado coa materia de francés pendente. Estas serán entregadas nos prazos indicados en cada caso.

A xefa do departamento fai un seguimento do alumnado para avaliar de xeito continuo os seus progresos , en base a realización dos traballos, que terán unha puntuación dun 50% da nota final.Cada trimestre realizarán un control, que puntuará o 50% restante da nota.

No mes de febreiro , de xeito voluntario , o alumnado pode presentarse a unha proba global, que permite aprobar a materia.No caso de suspender esta proba, o alumnado segue o curso normal, realizando as probas trimestrais.

PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (NO BAC)

A avaliación inicial, que permite coñecer o nivel do alumnado de Bacharelato,debe valorar as catro destrezas comunicativas, a expresión e comprensión oral e escrita.

Probas de tipo escrito: Exercicios escritos para completar, test de gramática, test lexicais, contestación a preguntas sobre textos , redaccións, descripción de debuxos, fotos, etc.

Probas de tipo oral: Lectura ou resumo dun texto, exercicios de comprensión oral, construcións de diálogos, descripción de debuxos, de fotos,etc.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES

- Os **principios metodolóxicos da educación asumidos** son os que a continuación se relacionan.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DE EDUCACIÓN

- Partir da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter aprendizaxes significativas.
- Ter en conta o que xa saben para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, a confrontación de opinións, a inferencia racional e a verbalización das emocións.
- Respetar as particularidades de cada alumno (f. / m.), adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.
- Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.
- Favorecer a autoavaliación e a coavaliación, como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgalá obxectivamente.
- Acostumar ao traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando as confrontacións.
- Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.
- Crear un ambiente de colaboración, de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ao patrimonio natural e cultural propio e ao dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.
- Centrarse nun talante de resolución de problemas e desenvolver o pensamento crítico e creativo.

BACHARELATO

Consideracións á hora de elaborar a programación desta materia en Bacharelato

En 1º e 2º de Bacharelato, o alumnado que opta pola materia Francés 2º Idioma estudou Francés como segunda lingua durante a ESO, e o seu nivel de coñecementos é amplo; o feito de elixir a materia supón o seu interese pola mesma, ao

tempo que querer continuar e en certo modo culminar unha aprendizaxe anterior; pero poderíamos encontrar igualmente alumnado principiante que pide á lingua estranxeira unhas nocións máis xerais, como manexarse suficientemente para ler a prensa ou seguir unha película en versión orixinal. O método pode atender ás necesidades de ambos, e este nivel 1 proporciona de forma sobrada esa competencia elemental. As catro horas semanais en que se imparte a optativa duplican o tempo dedicado á mesma durante a ESO, ademais da propia idade dos alumnos (de dezaseis anos en adiante) que fixo desenvolver unhas estratexias propias e unhas técnicas de aprendizaxe moi distintas e máis persoais, conducen a outro ritmo de aproveitamento e a outra progresión.

A progresión no alumnado de Francés 1^o idioma é máis rápida, pero a revisión dos coñecementos de anos anteriores obriga a deterse máis no primeiro trimestre. En segundo curso de Bacharelato ademais do maior afondamento nos coñecementos, será eficaz traballar periodicamente cos exames de Selectividade correspondentes a convocatorias anteriores e todo tipo de material auténtico de actualidade que motive ao alumnado e respoñe aos seus intereses. Como é natural, o profesorado adaptará ao seu grupo clase as propostas do método. Desde aquí presentaremos os seus contidos indicando e apuntando itinerarios, e no Libro do profesor figuran actividades complementarias de afondamento.

C'EST LA VIE - Programación

Programación de aula

ÍNDICE

1. - Introducción – Formulacións

- **Compoñentes do método**
- **Temporalidade**

2. - Obxectivos xerais

3. – Contidos (por unidade)

Conceptos - Reflexións sobre a lingua

9. Intencións comunicativas - funcións da linguaxe
10. Léxico
11. Estruturas lingüísticas: elementos fonolóxicos
12. Estruturas lingüísticas: elementos morfosintácticos
13. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe
14. Aspectos socioculturais

Procedementos - Habilidades comunicativas

1. Comprensión e uso da lingua oral
2. Comprensión e uso da lingua escrita
3. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe
4. Aspectos socioculturais

Actitudes

4. Metodoloxía

5. Avaliación

6. Temas transversais

1. Introducción – Formulacións

 - . Comparación cos coñecementos adquiridos sobre o francés e os coñecementos acerca da lingua materna, tanto en estruturas, léxico, fonética... coma nos aspectos socioculturais
- Curiosidade, respecto e actitude aberta cara a outras culturas
 - . Curiosidade e interese pola nova lingua e a súa cultura
 - . Curiosidade e respecto polas culturas que utilizan o francés como vínculo de relación e intercambio cultural e laboral
 - . Curiosidade por outros hábitos e outros costumes
- Interese por adecuar as mensaxes ás características do interlocutor
- Interese por usar as fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas
- Valorar a importancia de coñecer os logros e os erros propios
- Saber aplicar correctamente criterios de avaliación para as producións propias e alleas
- Concienciación permanente da situación persoal na aprendizaxe

1º BACHARELATO.1ª L.E. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Diversos documentos, textos, cancións, películas, reportaxes, entrevistas, etc son o soporte da clase de 1ª L.E. Así mesmo se utilizan varios métodos, Alter ego 1,2, C'est la vie 1,2 etc.

Exercicios de comprensión oral realizados de forma continua facilitan a preparación do exercicio de comprensión da selectividade que o alumnado realiza en 2º de Bacharelato.

1º trimestre:

Os sentimentos e o carácter. A descripción física. A vestimenta. A familia, as celebracións. A casa, o mobiliario, o traballo da casa. As actividades cotiás. Os momentos da xornada e da vida. Fórmulas para escribir un correo, unha carta... Os anuncios.

O xénero e o número. A negación. Os pronomes COD e COI. Diferencia entre *Par* e *Pour*. Preposicións e adverbios de tempo. Concordancia do participio pasado en tempos compostos. A conxugación.

2º trimestre:

A vida escolar. Mundo rural e urbán. A paisaxe. A meteoroloxía. As compras. Os gustos e as preferencias. As actividades de lecer. O deporte.

Pronomes relativos e demostrativos. Pronomes relativos compostos. Pronomes interrogativos. A frase interrogativa. A comparación. A idea de obrigación e de prohibición. A conxugación verbal.

3º trimestre:

Pasado, presente e futuro. As profesións. O mundo laboral. O curriculum vitae. A natureza. A ecoloxía. A protección do medio ambiente.

Pronomes e adxectivos indefinidos. A hipótese. A conxugación verbal. A forma pasiva.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

Léxico da familia, a casa, as profesións, o tempo.

Pronomes COD e COI. *En* e *y*. Pronomes relativos simples e compostos. *Pour* e *Par*. Concordancia do participio nos tempos compostos. A comparativa. A negativa. A hipótese.. A conxugación verbal.

Competencia de comunicación oral e escrita de nivel intermedio, na comprensión e na expresión. Nivel axeitado ao A2 do CECR.

2º BACHARELATO. 1ª L.E. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Diversos documentos, textos, cancións, películas, reportaxes, entrevistas, etc son o soporte da clase de 1ª L.E. Así mesmo se utilizan varios métodos, Alter ego 2,3, C'est la vie 2, etc.

Exercicios de comprensión oral realizados de forma continua facilitan a preparación do exercicio de comprensión da selectividade. Igualmente se utilizan textos de exames precedentes da selectividade.

Os contidos en xeral coinciden cos do 1º ano, afóndase nos coñecementos. A fluidez na expresión oral e escrita é maior, así como aumenta tamén a capacidade de comprensión oral e escrita.

1º trimestre:

Os pronomes relativos simples e compostos. A posta en relieve. O xerundio e o participio presente. A concordancia de tempos no discurso indirecto. A concordancia do participio nos tempos compostos. A concesión. A oposición. A conxugación verbal.

Caracterizar persoas e comportamentos. Facer eloxios, suxestións e reproches. Dar consellos e ordes. Expresar sentimentos. Negociar e discutir. Contar unha experiencia.

Os rasgos da personalidade. A vestimenta. As cualidades profesionais. A compra e o consumo. A utilización de internet.

2º trimestre:

Os dobres pronomes. Os pronomes *en* e *y*. A forma pasiva. A causa. A consecuencia. A duración. A finalidade. A frase interrogativa. Os adverbios en *-ment*. A conxugación verbal.

Comprender a prensa escrita. Narrar a biografía dunha persoa. Contar un suceso nun artigo. Defender, oponerse e comprometerse. Pedir información. Expresar a duración. Participar nun debate.

Léxico da prensa escrita. Os sucesos. Expresións para participar nun debate: dar e cortar a palabra, argumentar, rexeitar, etc.

3º trimestre:

A hipótese. O desexo. A duda. Os indefinidos. A frase negativa. O *passé simple*.

Facer hipóteses. Falar do porvir. Expresar desexos e prohibicións. Expresar dúbidas. Situar sucesos nun relato. Facer recomendacións. Planear unha viaxe.

As viaxes. A ecoloxía. Protección do medio ambiente. Descrición de

paisaxes , habitantes, culturas...

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

Saber comunicar e interactuar en situacións normais da vida cotiá (escribir unha carta de reclamación, pedir e dar información, expresar o punto de vista, argumentar e xustificar a opinión...).

Comprender documentos orais e escritos. Expresarse oralmente e por escrito con un nivel de competencia descrito en el nivel B1 del CECR(Cadre européen commun de référence).

Pronomes indefinidos . A forma pasiva.A concesión. A oposición. A consecuencia.A conxugación verbal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- 1- Extraer a información global e informacións específicas de mensaxes orais, emitidas en contextos cotiáns sobre temas relacionados cos seus intereses e estudos.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade das alumnas e dos alumnos para comprender informacións sobre temas da vida cotiá, temas relacionados coa súa experiencia, en intercambios orais dentro da aula ou escoltando textos preparados previamente. Comprobarase así mesmo a capacidade para inferir significados acudindo ao contexto, aos xestos, etc.

- 2- Extraer informacións globais e específicas sobre temas traballados previamente en textos orais que presenten apoio visual, procedentes dos medios de comunicación sobre temas de carácter xeral ou relacionados cos seus estudos específicos.

Con este criterio búscase coñecer a capacidade do alumnado para comprender as ideas esenciais dun texto oral, en textos en directo ou gravados dos medios de comunicación audiovisual como noticias, programas de divulgación, entrevistas, así como comprobar a comprensión de informacións específicas relevantes sinalads previamente.

- 3- Participar en intercambios comunicativos orais que respondan a situacións habituais producindo un discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para participar en actos de comunicación facendo uso das estratexias necesarias para asegurar unha correcta comprensión e expresión.

- 4- Expoñer de forma clara e coherente información sobre un tema proposto e traballado previamente, propiciando o intercambio de opinións na aula.

Con este criterio queremos comprobar a capacidade de planificación, organización das

ideas e expresión, sobre un tema traballado previamente, así como o respecto ás ideas elleas e ás normas de cortesía nun debate.

- 5- Extraer a información contida en textos escritos de diferente tipo e procedentes de diversas fontes (sornáis, revistas, libros, folletos) con axuda do dicionario e doutros recursos.

Con este criterio búscase comprobar a capacidade do alumnado para buscar, seleccionar e utilizar información en textos auténticos de carácter xeral e/ou específico, utilizando estratexias persoais que o axuden na comprensión.

- 6- Ler de maneira autónoma textos sinxelos con sentido completo sobre temas relacionados cos seus intereses, facendo uso do dicionario e doutros materiais de consulta. Realización de traballos ou síntesis que recollan a información obtida.

Con este criterio trátase de avaliar se o alumnado é quen de ler de maneira extensiva textos, que non presenten gran dificultade no seu contido e estilo seguindo o argumento ou as teses propostas, expresando nun traballo final o resumo que indique o seu nivel de comprensión da información traballada.

- 7- Redactar textos escritos sinxelos e comprensibles atendendo a diferentes situacións habituais respectando as convencións da lingua escrita e utilizando os recursos necesarios de cohesión e coherencia.

Preténdese avaliar con este criterio a capacidade do alumno para elaborar textos sinxelos que respondan a situacións propias da vida cotiá ou relacionadas coas actividades da clase (cartas, enquisas, notas, resumos, receitas, textos para móbiles ou correo electrónico, etc.), así como a súa capacidade para seleccionar e utilizar materiais de consulta que os axuden a producir textos ordenados e coherentes. Permitirá tamén comprobar o nivel de coñecemento e uso de léxico e estruturas gramaticais adecuadas á finalidade do discurso.

- 8- Recoñecer algúns dos factores socioculturais dos países nos que se fala francés.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado é capaz de recoñecer algúns dos elementos máis significativos dos países nos que se fala francés.

- 9- Recoñecer e utilizar as habilidades e estratexias persoais que os axuden a superar dificultades na comunicación e a progresar de maneira autónoma na aprendizaxe do francés.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as estratexias adquiridas na aprendizaxe desta e doutras linguas e saber utilizalas satisfactoriamente en novas e variadas situacións, progresando en autonomía.

1º BACHARELATO 2ªL.E. MÍNIMOS EXIXIBLES

A conjugación dos verbos regulares e irregulares máis usados, pronomes complemento COD e COI, o futuro, o *passé composé*, o imperfecto, o condicional, os pronomes relativos e demostrativos, os partitivos. A comparativa. O subxuntivo e as construcións impersonais. A frase negativa.

Expresión do tempo.

Capacidade de poder dialogar, expresar e argumentar opinións oralmente e por escrito.

Comprensión de documentos orais e escritos.

2º BACHARELATO ,2ªL.E. MÍNIMOS EXIXIBLES

A conjugación verbal. A interrogación. A finalidade. A causa. A oposición.

Léxico correspondente ao material traballado.

Competencia lingüística para expresarse adecuadamente en francés, oralmente e por escrito. Nivel de comprensión aceptable para poder comprender documentos audiovisuais e escritos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Hai que ter en conta que o alumnado de 1º de Bacharelato é un pouco diverso, xa que, algúns alumnos non tiveron francés en 3º e 4º da ESO. Por esta razón, a primeira avaliación é un pouco de revisión.

En 1º de Bacharelato como mínimo haberá un exame por avaliación, pero faranse tamén unha serie de controles para ir vendo se a materia foi ben asimilada. As probas avaliarán as competencias do alumnado en expresión e comunicación oral e escrita.

Terán libros de lectura durante o curso, a elixir entre os que figuran na biblioteca do departamento de francés.

ACTIVIDADES E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Tendo en conta o carácter progresivo da materia, tendo en conta que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira ten que facerse progresiva e continuamente ó longo do curso, pensamos que un alumno ou alumna debería ir recuperando unha avaliación aprobando a seguinte, do mesmo xeito que se un alumno ou alumna non aproba por exemplo as probas da terceira avaliación terá que presentarse necesariamente ás probas extraordinarias de setembro. Entendemos que o propio carácter desta materia non contempla ir facendo recuperacións de cada unha das avaliacións., aínda que cada profesor reservárase o dereito de facer recuperacións de cada avaliación se o considera preciso e necesario. Tendo en conta que a avaliación continua non valora só os exames senón que tamén valora o traballo, esforzo, interés, participación de cada alumno e alumna, tan só se realizarán recuperacións no caso de que un profesor o considere conveniente.

-Recuperación do curso e medidas de reforzo de pendentes:

Non se faran recuperacións durante o curso, aprobando as avaliacións seguintes quedan aprobadas as anteriores que estiveran suspensas.

A última avaliación é a definitiva.

O profesor da materia poñerá en contacto cos alumnos pendentes con suficiente antelación para darlles unhas directrices (Contidos mínimos, fichas e exercicios de repaso, correccións...)

E quedará con eles as veces que sexan necesarias para correxir os exercicios e solucionar dúbidas antes do exame.

As probas extraordinarias consistirán en exames escritos onde o profesor evaluará as destrezas comunicativas dos alumnos que se refiren a expresión e comprensión escrita e oral.

Os exames serán valorados de 0 a 10 puntos.

Os Contidos mínimos que os alumnos deben acadar para aprobar a asignatura son os mínimos esixibles de cada curso e incluídos nesta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As probas escritas (exames de gramática, controles de verbos, comprensión de textos, etc) terán un peso na avaliación do 60% da nota.

As probas orais (representacións, diálogos,...) e os exercicios *d'écoute* representarán o 20% da nota media de cada avaliación.

O 20 % restante será destinado a valorar o traballo de aula, o grado de cumprimento das tarefas semanais, a colaboración e a participación nas diferentes actividades programadas, a actitude na aula, etc.

4. METODOLOXÍA

Principios de base para a metodoloxía dun idioma estranxeiro

- Claridade e orde sistemática no proceso de aprendizaxe
- Tratamento da lingua oral:
 - . Desenvolvemento da capacidade para a comprensión de textos orais
 - . Desenvolvemento da capacidade para a expresión oral: discriminar e reproducir sons, producir frases, enfiar conversas.
- Tratamento da lingua escrita:
 - . Desenvolvemento da capacidade para a comprensión de instrucións: cadros, regras
 - . Desenvolvemento da capacidade para a lectura comprensiva dunha narración
 - . Desenvolvemento da capacidade para a expresión escrita

- Proporcionar os datos socioculturais necesarios para que o alumno se familiarice cos elementos representativos do país cuxa lingua se está a estudar (formas de vida, temas diversos, valores).

Metodoloxía de C'EST LA VIE ! 1

A claridade e a sistematización son valores constantes no método.

Sempre é recomendable na primeira sesión de clase dedicar un tempo para que os alumnos se familiaricen co novo material. Con este obxectivo, a observación de todas as indicacións que figuran nas primeiras páxinas do libro, incluídas as cores con que se presentan as seccións no índice, poden ser de moita utilidade para a identificación dos contidos e a localización rápida dunha sección.

A presentación de cadros que recollan as características dos feitos gramaticais, conxugacións, regras, é fundamental para a aprendizaxe. Neste caso, a gramática forma capítulo á parte dentro de cada lección (con excepción da Lección 0, ademais dun tratamento especial na 12), e hai que destacar igualmente o *Précis grammatical* que figura ao final do Libro do alumno. Entendemos que é unha forma boa para que o estudante se concentre máis nas estruturas novas en cada lección, e á vez dispoña dunha visión de conxunto das adquisicións.

Queremos destacar que, no *Précis*, figuran as conxugacións con todas as persoas dos tempos verbais, o que é preferible para o seu estudo.

En canto ao desenvolvemento do programa propiamente dito, a diferenza de tratamento nas dúas primeiras Unidades, as catro primeiras leccións, como indicamos anteriormente, pretende facilitar o achegamento á hora de abordar o método. Da terceira Unidade en adiante, as seccións gardan unha mesma distribución. Cobran especial relevancia as actividades dedicadas ás diferentes competencias, indicando as específicas de cada unha.

O método ten moi en conta os puntos que a continuación se expoñen, segundo se detalla no Libro do Profesor. Non obstante, no apartado Procedementos vimos as habilidades comunicativas vinculadas a cada unidade.

1. Tratamento da lingua oral

Producción oral

a) Actividades

Interaccións : participación en conversas espontáneas dentro dos grupos, en xogos de rol ou representación de escenas, adiviñas, intervención en pequenos debates, lectura en voz alta e elaboración de proxectos sobre situacións concretas

Monólogos : espontáneos ou preparados

b) Estratexias

Interaccións : comportamento lingüístico, realización e improvisación de xogos de rol

Monólogos : preparación e realización dos debates, estratexias de estruturación, estratexias para a conversa

c) Nivel de esixencia indicado nos Criterios de coavaliación (a partir da lección 4)
Criterios de coavaliación: adecuación e fluidez do discurso, corrección na pronuncia e o ritmo, corrección gramatical e riqueza de léxico

A autoavaliación concrétase nas seccións *Faire le Point* (Portfolio).

Comprensión oral

a) Actividades (nas seccións *Ouvertures* e *Situations*)

Interaccións: participación dos outros membros da clase, coa intervención do profesor, conversas semi-auténticas entre dous ou tres interlocutores con distintos rexistros ou diferentes contidos respecto ás situacións da lección, enquisas e entrevistas, debates radiofónicos semi-auténticos, cancións

Monólogos: relatos, anuncios, instrucións orais e boletíns radiofónicos

b) Estratexias

Observación dos elementos que compoñen a situación de comunicación

Reflexión global e selectiva de textos máis extensos e complexos

Reflexión sobre o proceso de memorización das "situacións modelo"

c) Nivel de esixencia:

Comprensión global de documentos máis extensos e complexos sobre temas sinxelos

Comprensión selectiva de documentos con informacións útiles (turismo, comercio)

Comprensión de determinados textos literarios

Comprensión de determinados aspectos culturais e pragmáticos.

2. Tratamento da lingua escrita

Producción escrita

a) Actividades: son máis reducidas cás de expresión oral neste nivel: mensaxes, anuncios, formularios, anotacións de mensaxes orais, tarxetas e cartas de tipoloxía diferente, escritos creativos, correos electrónicos

b) Estratexias: memorización do léxico, consulta do dicionario, elaboración dun texto

c) Nivel de esixencia: concrétase nas seccións *Faire le point* (Portfolio).

Comprensión escrita

α) Actividades: Traballo con textos moi variados: postais, anuncios por palabras, tarxetas, formularios, planos, enquisas, fragmentos de artigos de prensa e de guías turísticas semi-auténticas, extractos literarios

- β) Estratexias: Reflexión sobre a comprensión global dun texto, as palabras novas e o uso do dicionario
- χ) Nivel de esixencia: Comprensión global de textos curtos sobre temas sinxelos
Comprensión selectiva de informacións contidas en correos electrónicos, guías, tests, impresos, relacionados coas situacións de comunicación vistas nas unidades.

3. Actividades sociolingüísticas e pragmáticas

Neste nivel están moi vinculadas ás puramente lingüísticas. As fórmulas de cortesía e os usos habituais e cotiáns abórdanse en cada unidade como actividades de traballo na clase. Os temas de cultura xeral abórdanse especialmente na sección *Civilisation*. Preténdese así lograr un dobre obxectivo: proporcionar unha base de datos que configure o campo cuxa lingua é obxecto de estudo, e habituar a viaxar por un país francófono potenciando todas as capacidades para desenvolverse en situacións normais.

A progresión en *C'est la vie ! 1*

O método está baseado nunha aprendizaxe progresiva que se concreta no tratamento dado a estes elementos:

Textos: sempre en función das situacións, as actividades e as tarefas, crecen

en extensión, dificultade e complexidade a medida que avanzan as unidades.

A finalidade pedagóxica é moito máis evidente nas leccións das primeiras unidades, ata a lección 6 nos textos orais; a partir da lección 7, presentan un aspecto semi-auténtico pola súa maior complexidade.

Nos textos escritos, o cambio de nivel vaise producindo igualmente, aínda que aquí os documentos adoitan ser reais, e algúns, semi-auténticos.

Actividades: son moi variadas para abarcar un ámbito o máis amplo posible, están

vinculadas ao tipo de texto elixido, e seguen rigorosamente o proceso de

aprendizaxe; os contidos descóbrense, trabállanse implícita e explicitamente mediante a súa conceptualización, para despois ser recollidos e reintroducidos de forma sistemática noutros novos contidos.

A progresión, en espiral, encóntrase nas catro competencias e afecta tanto ao nivel lingüístico coma ao sociolingüístico e pragmático.

Vocabulario: a adquisición de palabras novas vaise facendo paulatinamente.

O léxico introduciuse en función das actividades por campos / léxicos ou semánticos. Utilízase fundamentalmente o francés estándar sen desdeñar un rexistro máis coloquial, de forma que, ao finalizar o curso é posible aplicar o rexistro de linguaxe segundo o interlocutor ou a situación.

Morfosintaxe: estúdase a partir dunha situación de comunicación concreta, e apóiase nas adquisicións gramaticais anteriores do alumno na súa propia lingua ou en francés. Tamén se volve usar en actividades específicas, e recóllese no *Précis Grammatical* ao final do libro.

Pronuncia: contempla a prosodia da frase e o sistema fonolóxico, coidando os sons e a súa oposición. Abordarase e desenvolverase con maior profundidade no nivel

A progresión e as competencias

A progresión en **C'est la vie ! 1** deseñouse considerando cada competencia individualmente ou relacionada coas demais.

Nun primeiro momento, os compoñentes da situación comunicativa aparecen explícitos, e a partir das catro primeiras leccións, os alumnos poderán acceder ao seu significado desde o contexto, de forma máis autónoma. Tamén, os elementos para a produción oral introdúcense nun principio axustándose rigorosamente a uns modelos, para ir liberando a expresión cada vez máis.

Remitímonos aos pasos que figuran no Libro do profesor a este propósito:

RECEPCIÓN

a) No oral

- . As *Ouvertures*, as primeiras actividades das dúas primeiras Unidades, habitúan aos elementos non verbais para inducir ao significado dun discurso.
- . Primeiro implícita e despois explicitamente, o estudante faise as cuestións sobre a situación comunicativa *qui, où, quand, quoi, pourquoi*.
- . Despois tras a reflexión sobre a comprensión global do texto, aborda a comprensión selectiva para chegar ao final do Libro a unha comprensión cada vez máis rigorosa do conxunto de textos sobre temas sinxelos.
- . O estudante está igualmente sensibilizado cara aos elementos de organización e de estruturación do discurso.
- . Para terminar, propónselle facer cuestións sobre o implícito e os elementos

socioculturais do texto.

b) No escrito

- . Indúcese ao alumno a utilizar as súas estratexias orais, así como as que lle son útiles para o escrito.
- . A organización gráfica dos textos fíxose tendo en conta as competencias do estudante na súa propia lingua materna.

PRODUCCIÓN

f) No oral

- . Contémplase todo o proceso que pode seguir o alumno, desde a expresión xestual nunha primeira fase, pasando pola reprodución fiel a uns modelos, ata conseguir, aínda que sexa a nivel elemental, a expresión libre e persoal en diálogos, monólogos e debates.
- . Insítese na importancia dos elementos fónicos; é de desexar que os alumnos falen cada vez máis correctamente, afastándose do modelo, improvisando segundo a situación comunicativa.

g) No escrito

- . Primeiro pídense frases curtas e illadas, máis tarde, a produción dun parágrafo para conseguir máis adiante un texto curto segundo un modelo nunha primeira fase e máis autónomo despois. Na última unidade propónse a produción dun texto libre e persoal.
- . Suxírese ao profesor que fixe o cadro práctico das actividades de produción e esixa a fidelidade ao tempo previsto para estas tarefas, á vez que controle o número de palabras que se utilicen.

4. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

I Habilidades comunicativas:

1. Extraer información global e específica na mensaxes orais emitidas na clase ou polos medios de comunicación, recoñecer as estratexias comunicativas utilizadas polos interlocutores e en textos escritos auténticos que versen sobre temas de interese xeral e utilizar destrezas e estratexias relacionadas con distintos tipos e finalidades de lecturas.
2. Participar en conversas ou debates preparados de antemán, utilizar as estratexias adecuadas para asegurar a comunicación co interlocutor e producir mensaxes coherentes e coa corrección formal necesaria para facer posible esa comunicación.

3. Entender a información esencial en textos diversos sobre temas de actualidade, a realidade sociocultural dos países onde se fala a lingua estranxeira ou que teñan interese informativo, anticipando e deducindo datos a partir do contexto.
4. Redactar textos diversos coa corrección sintáctica necesaria para a súa comprensión e utilizar os distintos elementos que aseguren a cohesión e coherencia do texto.

II Reflexión sobre a lingua:

1. Reflexionar sobre o funcionamento da lingua, mediante a indución ou dedución das regras correspondentes, e utilizar elementos lingüísticos de referencia (gramaticais, léxicos, ortográficos, fonéticos e textuais) que faciliten a sistematización da aprendizaxe.
2. Transferir o coñecemento das regras de funcionamento da lingua estranxeira a situacións novas.
3. Usar de forma autónoma recursos, fontes de información e materiais de referencia para contrastar conclusións, sistematizar e consolidar coñecementos.
4. Reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, de forma que se produzan reformulacións de regras, se expresen definicións sobre o aprendido e se avance nas novas aprendizaxes.

III Aspectos socioculturais

1. Interpretar trazos que definen a cultura ou culturas dos países onde se fala a lingua estranxeira e amosar coñecementos de datos de tipo xeográfico, histórico, artístico, literario, etc., e incorporar ese coñecemento na comunicación en situacións contextualizadas.
2. Amosar proximidade á diversidade social e cultural que se transmite cando se comunica en lingua estranxeira e buscar similitudes e diferenzas.
3. Desenvolver o interese por valorar positivamente o uso da lingua estranxeira como medio de comunicación internacional e para o entendemento dos pobos e considerar a súa presenza no uso de novas tecnoloxías.
4. Afondar no coñecemento da cultura propia a partir das informacións socioculturais que transmite a lingua estranxeira.

A avaliación en C'EST LA VIE ! 1

A avaliación no método é constante, avaliación individual e coavaliación, máis doada esta última no caso de alumnos principiantes.

As actividades de avaliación que ofrece C'est la vie ! 1 concréntanse nas seccións seguintes:

- Obxectivos prioritarios e "Biografía lingüística" (avaliación inicial)

- Faire le point (avaliación formativa)
- Bilans (avaliación sumativa)
- Passeport
- Actividades para os criterios de avaliación

Como avaliación inicial, céntrase na procura de obxectivos e a “biografía lingüística” do alumno (actividades 1 e 2 do Portfolio, segundo vimos anteriormente). No final do curso os alumnos volven considerar eses obxectivos iniciais para ver se se produciu algún cambio nas súas formulacións.

Como avaliación formativa, os alumnos realizan as tres actividades de Faire le point (tamén no Portfolio)

A sección Faire le point aporta elementos interesantes para realizar unha autoavaliación sistemática que, no final do Faire le point 3, poden igualmente reflectir a traxectoria do estudante ao longo do curso.

. Como avaliación sumativa, os alumnos fan os seis bilans e os seis bilans-évaluations que convén conservar coas súas notas para ver a súa propia progresión en relación co grupo e en canto a eles mesmos.

O “balance “ de coñecementos de cada alumno reflíctese no bilan de vocabulario ,de gramática e pronuncia no final de cada unidade do Libro do alumno, que encontrará o seu complemento no bilan de communication do Portfolio, conxugando así a lingua e a comunicación.

Passeport

A sección Passeport indicará así mesmo ao alumno o seu nivel respecto do Marco Europeo Común de Referencia. É un sistema de autoavaliación máis, aínda que neste caso ofrecemos unha visión global de toda a aprendizaxe.

Criterios de avaliación

O método presenta uns criterios de avaliación na lección 4, dentro dun cadro para avaliar unha actividade. Trátase de valorar:

1. A realización : adecuada e fluída / incompleta e pouco fluída /confusa
2. O ritmo e a pronuncia : moi correctos / correctos en xeral / dependentes da lingua materna.
3. A gramática : correcta / incorrecta nalgúns casos /incorrecta en xeral
4. Léxico : correcto e variado / pouco variado / incorrecto e dependente da lingua materna.

Estes criterios poden aplicarse para afacer ao alumno a considerar os avances propios e / ou os dos seus compañeiros, axudan á formación dun criterio persoal e potencian a seguridade nun mesmo.

No do alumno insístese nos cadros sobre as diferentes estratexias para conseguir o mellor rendemento.

6. TEMAS TRANSVERSAIS

A materia de idioma, tanto a primeira lingua coma a segunda, introduce doadamente entre os seus contidos o tema da transversalidade. O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para desenvolver a produción oral e escrita, á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoien os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característicos do país e da lingua que é obxecto de estudo, os temas transversais abarcan un ámbito moito máis amplo e xeral, e pódense tratar de forma diversa. Nunha mesma unidade é posible encontrar distintos temas de transversalidade, mesmo de forma pasiva nunha ilustración, e á súa vez, un mesmo tema pode aparecer en varias unidades.

Propoñemos os seguintes temas transversais reflectidos especialmente nas unidades que se indican:

| temas transversais | Exemplos | Unidades |
|---|--|-----------------|
| Educación para a convivencia | Fórmulas de cortesía, familia, respecto aos demais, postais, cartas, invitacións, pluralidade de culturas que habitan en Francia, tolerancia. | 0, 1, 2, 3, 4 |
| Educación para a saúde | Actividades deportivas, bos hábitos, alimentación equilibrada, coidados e atención médica | 2, 4, 5, 6 |
| Educación do medio natural | Protección á paisaxe, a ecoloxía, curiosidade polo contorno e a natureza, reservas naturais | 3, 5 3, 4, 5 |
| Educación do consumidor | Responsabilidade nas compras | 1, 3, 6 |
| Educación non sexista | Homes e mulleres coa mesma responsabilidade no traballo, mulleres en postos directivos | 1, 2, 3, 6 |
| Educación para Europa e o resto do mundo | Símbolos de diferentes países, a francofonía, rótulos, cidades francesas e outras, consumo de determinados artigos noutros países, festas e celebracións, viaxes | |

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

- Todo profesor sabe por experiencia que non hai dous estudantes iguais e que, mesmo se ten que traballar ao comezo cunha clase de debutantes, a diversidade das personalidades e das maneiras de aprender de cada alumno produce cedo unhas diferenzas palpables dentro do grupo-clase. Isto é por outra parte o que orixina a riqueza e o interese da ensinanza a grupos.

Nembargantes, o feito de que as clases esten hoxe cada vez máis compostas por alumnado de diversas linguas e nacionalidades, exige un tratamento moito máis rigoroso cara á diversidade. Para o profesorado, chega a ser indispensable dispor de ferramentas realmente útiles e eficaces para estas situacións de clases atípicas con relación aos anteriores decenios.

- Propónse un traballo específico coa axuda de ferramentas *ad hoc* e unha reflexión en profundidade sobre o tema, coa finalidade de que a diversidade pase a ser unha riqueza onde converxan os diferentes niveis e non unha situación que favoreza a división entre niveis máis diverxentes cada vez. Trátase de axudar ao alumno a aceptar as diferenzas entre as persoas, os países, as culturas, os acentos; pero tamén as maneiras de aprender. Trátase, para o alumno, de crecer coñecendo os demais, e por tanto coñecéndose a si mesmo.

- Propónse un tratamento natural e constante da diversidade a través das actividades de expresión oral ou escrita libre ou semilibre nos grupos e subgrupos da clase, pero tamén fóra da aula: correspondencia por correo electrónico e traballo no caderno individual.

- Ademais de ferramentas axeitadas para facilitar o traballo colectivo diferenciado en clase, en grupos de diferente sensibilidade ou nivel, aportase abondo material específico para que o profesorado poida axudar a cada estudante, individualmente, a que desenvolva o

seu propio potencial, reforce as súas capacidades e coñecementos e, no seu caso compense supostas carencias con fichas fotocopiáveis e Portfolio concibidas para tal fin.

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

- A incorporación de materias transversais na clase de lingua estranxeira permite exercitar non só as capacidades intelectuais dos estudantes senón tamén e esencialmente as súas capacidades afectivas, motrices, as súas capacidades de relacións interpersoais e de inserción social. A finalidade que se persegue na aula é que os adolescentes poñan en práctica o seu xuízo crítico en relación cos problemas e os conflitos sociais, persoais ou de relación, para seguidamente ser capaces, fronte a istos, de ter actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos. A transversalidade contribúe así (máis aló da simple transmisión dos coñecementos) á formación do carácter, polo desenvolvemento das capacidades de autonomía, de creatividade, de sociabilidade e de intervención sobre o medio natural, para transformalo e melloralo.

- Os valores e actitudes que se traballan na clase son os seguintes: **igualdade** (non discriminación, non dominación), **solidariedade** (fronte ás diferentes formas de explotación e de egoísmo), **xustiza** (defensa dos dereitos individuais e colectivos, oposición cuando estes son lesionados), **liberdade** (oposición a calquera tipo de escravitude, de non recoñecemento do espazo reservado para as decisións persoais), **saúde e medio ambiente** (reacción fronte á desvalorización do corpo e do benestar en xeral, reacción fronte aos problemas do medio ambiente).

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

En todos os niveis da ESO, o alumnado terá unha lectura obrigatoria, por curso.

Según o nivel os textos elexidos terán unha dificultade acorde cos coñecementos.

Nos primeiros cursos trátase de textos moi curtos, con abundantes ilustracións para facilitar a comprensión.

No centro existe unha pequena biblioteca de libros en francés, entre os que o alumnado pode elixir.

Trátase de crear o hábito da lectura, como unha ferramenta de adquisición de coñecementos , que permite ao mesmo tempo afianzar as adquisicións lingüísticas.

TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Aínda que a aprendizaxe da lingua francesa sexa o eixo central, non se pode perder a oportunidade de reforzar os diferentes coñecementos do alumnado. O uso das TIC na clase de lingua ofrece moitas posibilidades, como material de apoio na aula ou no domicilio particular, constituíndo un elemento moi importante de motivación .

O uso do ordenador é fomentado en relación a varios vectores de desenvolvemento :

-Comunicación :Parte das comunicacións faránse vía correo electrónico.

-Investigación : Búsqueda de documentación e de material audiovisual para traballar na aula.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dentro do marco do plan de convivencia existente no centro, en todo momento dentro da aula e en todas as actividades que se realizan na clase de francés, se presta especial atención á formación do carácter polo desenvolvemento das capacidades de autonomía e de sociabilidade, entre outras.

A participación en diálogos, a representación de escenas, etc, toda a dinámica da clase de lingua estranxeira obriga de xeito contínuo a empregar unhas normas que facilitan a aprendizaxe. O traballo por parellas e en grupo permite establecer dentro da aula un ambiente de colaboración, necesario para o bo funcionamento do grupo. O alumnado con maiores dificultades síntese máis seguro e perde o medo ao ridículo.

A motivación é maior cando non hai grandes problemas de convivencia dentro do grupo, de aí a necesidade de incidir na importancia do respecto aos

diferentes ritmos de aprendizaxe e á diversidade que pode aparecer dentro dun grupo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na ESO, en 2º L.E. o método empregado *ESSENTIEL* componse dos elementos seguintes:

- ◆ Para o alumno, o **Libro do alumno**, acompañado dun **CD-Rom** de xogos interactivos que poderán ser abordados de maneira autónoma, o **Caderno de exercicios** correspondente ao Libro, acompañado do seu **CD audio** e un **Caderno de traballo persoal ou Portfolio**, á súa vez tamén acompañado **dun CD audio**, para o traballo individual na casa.
- Para o profesor, un conxunto de recursos que comprende, ademais do material do alumno:
 - h) Uns **CD audio para a clase**,
 - i) O **Libro do profesor** en varios fascículos para maior comodidade, así como uns caderniños complementarios que comprenden: **unhas fichas de traballo individual (para tratar a diversidade)**, **unhas fichas de actividades complementarias**, **unhas fichas de avaliacións adicionais**,
 - j) **A programación oficial anual (segundo LOE)**,
 - p) **2 DVD con documentos auténticos e as súas respectivas guías pedagóxicas**,
 - k) **1 CD-ROM con xestor-xerador de tests**.
 - l) **Xornais, películas, cancións, etc poden ser obxecto de traballo na aula, incorporando a actualidade ás clases.**

En 1ª L.E. emprégase o método *Énergie 1 e 2*, para 1º e 2º curso. Ao tratarse da mesma editorial, Santillana, os elementos son os mesmos.

No Bacharelato, en 2ª L-E. o método *C'est la vie* está descrito nas páxinas 25 e 26 .

En 1ª L.E. o material é moi variado, documentos auténticos, diferentes métodos, etc.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o presente curso escolar 2012-13, o Departamento de Francés ten programadas as seguintes actividades, abertas ao noso alumnado e como complemento das actividades de aula:

- Proxección de documentais e films en versión orixinal e dobrada.
- Viaxe cultural a Francia (Se cabe a posibilidade).
- Concursos e xogos ´.
- Visitas a exposicións relacionadas coa lingua francesa e coa cultura francófona.
- Intercambio con Marseille .

- **Representacións de sketches , interpretacións de cancións e diversas actividades lúdicas, coa colaboración da auxiliar de conversación.**
- **Aulas de apoio e reforzo ao alumnado interesado en presentarse aos exames do DELF, nos diferentes niveis.**

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Nas reunións do departamento, que teñen lugar ao longo do curso, se realiza de xeito periódico unha posta en común sobre o seguimento e valoración da programación , en todos os grupos.

A avaliación inicial representa un punto de partida e a realización dos exercicios de final de curso, que presentan os diferentes métodos constitúen un referente do nivel do alumnado, despois dun ano. A comparación entre os resultados permite valorar o grao de cumprimento dos obxectivos marcados e avaliar a presente programación.